

O BNG critica a situación sanitaria no Condado-Paradanta

Páxina 6

Proxecto europeo medioambiental Green Up en Covelo

Páxina 8

Balneario celebrará o The European Thermal Heritage Day

Páxina 9

I Campionato Galego de Pumptrack en Mondariz

Páxina 9

Operación "Centinela Galego 2023" na Cañiza

Páxina 10

UNED O Porriño estrea os graos de Socioloxía e Traballo Social

Páxina 11

Programa "Xuntas" en Salceda, Salvaterra e As Neves

Páxina 15

A Deputación recibe aos "Erasmus+ 2022"

Páxina 16



Festas de Setembro en Ponteareas

Páxinas 2 e 3

As obras de Aceros del Tea 'tensan a corda' da política municipal en Ponteareas

Páxina 7

O Porriño: Un millón€ para humanizar o Campo da Feira

Páxina 12

Se elixes PIKOLÍN... Melloramos o precio de calquer páxina web en España.

"VÉN e COMPRÁO"

GARANTÍA DO MELLOR PRECIO!

Descubre os beneficios de mercar nas nosas tendas de descanso:

- ENTREGA RÁPIDA
- SEGURO DE CALIDADE
- PRECIOS EN ABAIXO
- ATENCIONAMENTO
- ENTREGA DOMICILIO

pikolin

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

LOS Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Daquí, dalí e dacolá

No pasado século, os escritores de cando en vez comezaban os seus escritos anunciándonos que se atopaban diante dun folio en branco sen saber como enchelo. Na actualidade non podemos falar de folio pero si dunha pantalla de ordenador que resulta bastante maior que un folio e impresiona saber que hai que enchela ou polo menos ocupala en parte.

Isto é o que me ocorre a min nestes momentos. Son tantas as cousas das que podería escribir que non sei por onde comezar.

Podemos falar de política actual que temos para dar e tomar. Podemos falar da situación económica dos máis desfavorecidos e "idem de lienzo". Poderíamos falar da sarta de mentiras coas que almorzamos cada mañá cando abrimos un xornal na cafetería de costume. Non digamos xa o esperpento destes días en que un candidato a presidir o futuro goberno lle "mendiga" a outro que o deixe gobernar un par de anos; como se foran dous rapaces que se disputan un xoguete.. En fin,... como poden observar e como diría o chiste popular "estamos arrodeados" sen saber realmente quen vai manexar a nosa barca ou quen pretende levala á deriva.

Vimos de soportar unha longa, longuíssima campaña electoral porque os nosos políticos engancharon unha campaña noutra seguramente para comprobar se na primeira foramos honestos co noso voto xa que as contas non lle daban. Votamos de novo e puxémoslle nas mans unha pataca tan quente que nestes momentos non saben



que facer con ela. Uns din que gañaron pero non pode gobernar, por iso non teñen empacho de pasar dende "hai que rematar co "sanchismo" que leva España ao desastre de Filipinas a "mendigarlle ao sanchismo" un par de anos para gobernar. Chegaran tan cheos de soberbia que ían arrasas. Agora suplican "un goberno, por favor". Claro que non tiveron sorte. Os Idus de agosto non estaban polo labor.

Nesta situación estamos. O vindeiro día 26 do mes que andamos imos asistir ao primeiro esperpento: un candidato que sabe non vai gañar pero que aproveita a ocasión para lembrarlle aos votantes que se equivocaron. El era o máis guapo e deberan darlle os votos suficientes para que o día 27 saboreara os meles do trunfo.

Aquí rematará o primeiro acto. En outubro volveremos asistir a outro intento de consagrarse de novo como presidente do País. Claro que ata ese momento tampouco o vai a ter doado. Terá que saír co saco as costas, como facían nos tempos da fame, da outra fame, as chamadas peri-

cas, solicitando unha codia de pan de millo aos veciños para logo amolecer con auga e dállela aos seus cativos.

Se os dous intentos non foran suficientes volveríamos a coller os, xa familiares papeliños, e meteríamolos de novo nas urnas.

Parece un divertimento se non fora polos custes abraiante de todo este proceso. Non teremos orzamentos de 2024 ata quen sabe cando; proxectos de lei importantes para a cidadanía seguirán no baúl dos recordos de Karina; estamos sen

médicos, en xeral, e todos botan as culpas ao veciño e a casa sen barrer. A inflación come cada día máis o pouco aumento de soldos do pasado ano. Os fondos voitre fan os seus mellores negocios, en fin.... nós aquí esperando a un Godot que non chega.

Teñan paciencia. Non se poñan nerviosos porque os centros médicos están a tope; poden pasar semanas para que lles atendan, non importa o que sufran. Todo isto diante dunha pantalla en branco. Non tenten ocupala porque mañá seguro que xa temos novos temas en que pensar. Isto é un "vivo sen vivir en min" que diría Santa Teresa. Claro que a Santa dinos que esperaba unha alta vida; pero nós, que podemos esperar?

Saúdos e ata a próxima entrega.

ANTOMS



O neno



Outro record

Mercavenda
INMOBILIARIA
Casas Locales Fincas Pisos
Ventas Alquileres Tasaciones Presupuestos
Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalla de Castro nº4, bajo, 30800 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

ASADOR O3RASEIRO
Ponteareas
Avda. de Galicia, 25
986 958 003 - 683 196 555

O3RASEIRO Burger
Paseo Matutino, 2
886 216 626 - 604 007 103

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Redactor Xefe: Roberto Mansilla Blanco.

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiralde, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Venres, 1

Do 1 ao 10 de setembro. Pistas de tenis da Freixa. **XIV Torneo de Tenis**. Organiza: Club de Tenis de Ponteareas

Sábado, 2

21:00 h Praza de Bugallal. **Gala Lirica de Zarzuela "Soutullo na ialma"**

12:30 h Xardíns da Xiralda. Concerto da **Banda de Música Unión de Guláns**

19:00 h Praza Maior. **Bádminton na rúa**. Organiza: Club Bádminton Ponteareas

Martes, 5

11:30 h Mercado Municipal. **Obradoiro de cociña**

21:00 h **Visita guiada ao cemiterio municipal**. "Os símbolos misteriosos do cemiterio de Ponteareas"

Mércores, 6

11:30 h Parque da Perillana. **Obradoiro infantil. O misterio das 7 portas na mansión encantada**. De 6 a 12 anos. Máximo 20 participantes. Inscripción na Biblioteca

21:30 h Praza de Bugallal. **Cine na rúa**. Proxección da película *Momia*.

Venres, 8 (Virxe da Nosa Señora dos Remedios)

19:00 h Desfile de **xigantes e cabezudos**

19:00 h Tirada de foguetes

19:30 h Misa solemne con procesión, acompañada da Banda de Música Xuvenil de Xinzo

21:00 h **Pregoeiro Xosé Antonio Touriñán**. Balcón da casa do Concello.

21:30 h Praza Dr. Fernández Vega. Concerto **Banda de Música Xuvenil de Xinzo**

18:30 h Centro urbano. Escape room

22:30 h Praza Maior. Actuación do grupo **Galía**

Sábado, 9

XV Feira Tradicional dos Remedios e XXXVI Festival Folclórico do Condado

10:00 h Apertura de postos de artesanía

18:00 h Baixada de San Gregorio. Obradoiro infantil. Idade de 6 a 12 anos. Máximo 20 participantes. Inscripción na Biblioteca Municipal

22:00 h Praza de Bugallal. Actuación da orquestra **Verano Azul**

00:30 h Praza Maior. Actuación de **MVP MUSIC DISCOMÓVIL**

Domingo, 10

9:00 h Centro urbano. **Trofeo Festas de Setembro. III Gran Premio Borja Gómez Méndez**. Organiza: Club Ciclista Ponteareas

11:00 h Praza da Perillana. Obradoiro de xogos tradicionais



12:30 h Xardíns da Xiralda. Concerto da **Banda de Música Reveriano Soutullo**

22:00 h Praza Maior. Actuación de **La Oca Band, acompañada de Manquiña**

23:50 h Praza de Bugallal. Actuación de **Familia Caamagno**. Musigal

Sábado, 16

11:00 h Parque da Feira Vella. Apertura da **feira e exposición "Saúde natural"**.

17:00 h. Praza Maior e Bugallal. **URBAN FEST**

Domingo, 17

11:00 h Parque da Feira Vella. Feira e exposición "Saúde natural"

12:30 h Xardíns da Xiralda. Concerto da **Banda de Música Xuvenil de Xinzo**

Luns, 18

18:00 h **Visita guiada ao centro histórico de Ponteareas**. "Enigmas da historia de Ponteareas". Máximo 30 participantes.

Inscripción na Biblioteca Municipal

Xoves, 21

18:00 h **Visita guiada ao castro de Troña**. "As claves ocultas do Castro de Troña". Máximo 30 participantes. Inscripción na Biblioteca Municipal

Sábado, 23

12:30 h Xardíns da Xiralda. Concerto da **Banda de Música Unión de Guláns**

16:30 h Praza Maior. **Campionato de baloncesto 3x3**. Organiza: Club Baloncesto Condado

17 a 21 h Parque As Pombas. **Torneo de petanca**. Organiza: Club de Petanca "El Parque"

16:30 h Ruada dos grupos participantes no **LV CONCURSO DE GAITAS DE PONTEAREAS**. A continuación terá lugar o concurso de gaitas no auditorio Reveriano Soutullo

Domingo, día 24

18:00 h Auditorio Reveriano Soutullo. Espectáculo musical infantil **"Uxía Lambona e a Banda Molona"**. AGADIC. Entrada 3 €

Martes, 26

18:30 h Sala multiusos do auditorio Reveriano Soutullo. Espectáculo infantil **"O león azul"**, de **Trécola Teatro**. Inscripción no servizo de Normalización Lingüística

Mércores, 27

18:00 h Praza da Perillana. **Obradoiro infantil. 6 globos fantasmas e unha miniatura**. Idade de 6 a 12 anos. Máximo 20 participantes. Inscripción na Biblioteca

Xoves, 28

19:00 h Desfile **xigantes e cabezudos**

Venres, 29 (Día de San Miguel Arcanxo)

10:30 h Tirada de foguetes

11:00 h Xardíns da Xiralda. Concerto da **Banda de Música Unión de Guláns**

12:00 h Misa solemne con procesión, acompañada pola Banda de Música Unión de Guláns

13:30 h Praza de Bugallal. Lanzamento dos **Globos de San Miguel**

20:30 h Campo de fútbol de Pardellas. **Torneo de Fútbol Festas de Setembro**. Organiza: S. D. Juvenil de Ponteareas

22:00 h Praza Maior. Actuación da orquestra **Miramar**

Sábado, 30

09:00 h CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios. **Torneo de Xadrez**. Organiza: Escola Municipal de Xadrez de Ponteareas

10:00 h Pavillón Álvaro Pino. **Torneo de Hóckey**. Organiza: Hóckey Club Ponteareas

10:00 h **Carreira pedestre "V Ribeira do Tea"**. Saída da Fortaleza de Salvaterra de Miño e chegada á Moscadeira. Organiza: Club Caminantes do Condado

21:00 h Praza de Bugallal. Actuación da orquestra **Trébol**

22:45 h Praza Maior. Actuación do grupo **América SL**

Domingo, 01 de outubro

12:30 h Xardíns da Xiralda. Concerto da **Banda de Música Reveriano Soutullo**

21:00 h Praza Maior. Actuación da orquestra **Los Players**

Actos relixiosos

A novena na honra á Virxe dos Remedios empeza o día 30 de agosto e será ás 20:00 h

A novena na honra á San Miguel Arcanxo empeza o día 20 de setembro e será ás 20:00 h

SAUDADE

Café - Bar

LAVAZZA Mahou

Reveriano Soutullo, 3 - 36860 PONTEAREAS



Servicio integral a la construcción

DERIVADOS DEL CEMENTO

COVELO

986 644 036
www.covelo.cc

grupoluco@covelo.cc

ELECTRICIDAD



BOUZA

ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN

Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas presenta o programa para as festas de setembro

A Alcadesa de Ponteareas, Nava Castro, presentou esta mañá o cartel das festas de setembro, A Nosa Señora dos Remedios e San Miguel. O programa, que aínda ten citas por pechar, abrangue actos para todas as idades, nenos, adultos e familias, e de índole diversa para todos os gustos polo que se celebrarán eventos culturais, deportivos, lúdicos e musicais do 1 de setembro ao 1 de outubro.

Alguns dos exemplos máis destacados son o concerto Gala Lírica de Zarzuela "Soutullo na Ialma", a XV Feira Tradicional dos Remedios, o LV Concurso Rexional de Gaitas do País, que rende homenaxe a Antonio Cabaleiro, ou a actuación Camiñantes e Cantantes presentada por Manuel Manquín e Pepo Suevos.

A oferta deportiva comezará o venres, día 1 de setembro, co XIV Torneo de Tenis, ao que seguirán xornadas de bádminton, carreira pedestre, ciclismo, xadrez, fútbol, petanca e hóckey.

Ademais das habituais noites de verbena, haberá visitas guiadas polo casco vello de Ponteareas, o cemiterio ou o castro de Troña así como obradoiros infantís de cociña, artesanía ou xogos tradicionais.

Unha ampla oferta de actividades co obxectivo de ofrecer aos veciños e veciñas unha forma de reunión, diversión e entretemento.

En total, máis de 50 actividades repartidas ao longo dun mes, nas que o ocio e desfrute serán os grandes protagonistas.



Touriñán será o encargado de ler o pregón nas Festas dos Remedios

O Concello de Ponteareas dará o pistoletazo de saída ás festas dos Remedios coa lectura do pregón por parte de Xose Antonio Touriñán, o cómico galego coñecido como "Touri". O pregón terá lugar no balcón da Casa do Concello o venres día 8 ás nove da noite.

Este ano celébrase a XV Feira Tradicional dos Remedios, que durante toda a fin de semana converterá a Ponteareas na vila que foi no pasado. Contará co mercado tradicional, con postos de artesanía e gastronómicos. Tamén se poderá desfrutar de obradoiros infantís, actuacións musicais da man das Bandas de Música do municipio ou a tradicional tirada de fogos. Os grupos musicais que actuarán polas noites serán, o venres 8 o grupo Galia, o sábado 9 Verano Azul



e MVP Music Discomóvil, e o domingo 10 La Oca Band acompañada de Manquín e Familia Caamagno.

Desde o Concello animan á cidadanía a acudir vestidos da época e desfrutar desta feira tradicional na que a protagonista é a historia e o pasado da vila.

O SON DO TEA
SOUTULLO NA IALMA
Zarzuela

Luis Cansino BARÍTONO
Teresa Novoa SOPRANO
Juanjo Cura TENOR

BANDA DE MÚSICA XUVENIL DE XINZO
 DIRECTOR: RODRIGO IGLESIAS SILVA

SÁBADO 2 SETEMBRO
 PRAZA BUGALLAL · PONTEAREAS 21:00h

aceroplus
 imprenta digital
 IMPRENTA · PUBLICIDAD · WEB

☎ 986 66 03 61
 ☎ 604 08 43 68

Paseo Motutino, 29 bj.
 PONTEAREAS
 www.aceroplusdigital.com
 info@aceroplusdigital.com

ATLANTICOLOR
 Pinturas y Bricolaje
 DIST. PINTURAS TITAN

Manualidades · Bellas Artes · Profesional · Industrial
 Rúa Saucedo, 7, PONTEAREAS
 Telf: 986 66 99 55 - 605 99 87 08
 atlanticolor@hotmail.com
 www.pinturasybricolaje.com

PERMITIDO ACCESO DE VEHÍCULOS
ZONA CARGA E DESCARGA max. 15 Minutos

STOP

Autoescuela
PONTEAREAS

C/ Virgen de los Remedios nº 16
 Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

PONTEAREAS

XIV Torneo de Tenis Concello de Ponteareas



Do 1 ao 10 de setembro celebrábase o XIV Torneo de Tenis Concello de Ponteareas organizado polo Club Tenis Ponteareas para categorías infantís e adultos.

Volven as visitas guiadas ao Cemiterio Municipal

O Concello organiza para o 5 de setembro ás 21 horas unha nova edición das Visitas Guiadas ao Cemiterio Municipal para seguir descubriendo os seus misteriosos símbolos e todo o relativo ao patrimonio local. Inscripcións no correo electrónico bibliotecamuseo@ponteareas.gal ou no teléfono 986 660 765.



Máis de 200 rapaces nas Escolas de Verán



Máis de 200 nenos e nenas disfrutaron das actividades deportivas organizadas polos clubs de Ponteareas durante os meses de xullo e agosto.

LV CONCURSO DE GAITAS DO PAÍS

Auditorio Reveriano Soutullo
PONTEAREAS

23

SETEMBRO
2023

1º Premio	2.000€
2º Premio	1.500€
3º Premio	1.000€
4º Premio	600€

HOMENAXE A
**D. Antonio
Cabaleiro Millares**
2 Outubro 1951 - 29 Outubro 2022
CHAPELA - REDONDELA

Concello de
PONTEAREAS

globaltea
informática + telefonía

- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS
R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA
Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

PINTURAS
BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO



Paseo Astutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679, Ponteareas
Vilanova, 18. 986 651 145 - 609 366 354, A Cofre



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

BNG: situación sanitaria “crítica” no Condado-Paradanta

A deputada do BNG, Cristina Fernández Davila, presentou no Parlamento Galego unha iniciativa ante “a situación crítica da sanidade pública nas comarcas do Condado e A Paradanta, que está privando á veciñanza dunha atención sanitaria digna”.

“O Centro de saúde e o PAC de Ponteareas levan dous anos nunha situación de caos e de colapso, debido á decisión do PP na Xunta de non cubrir as vacantes de persoal por xubilacións, baixas e vacacións” denunciou Fernández Davila indicando que “en Ponteareas regularmente só hai 7 profesionais das 15 prazas que corresponden”. Tamén criticou a situación sanitaria



en Salvaterra de Miño, As Neves, Mondariz, A Cañiza e Covelo

O BNG debaterá no Pleno de Ponteareas unha iniciativa para

dotar ao Centro de saúde e o PAC de Ponteareas do persoal necesario para substituír as baixas, vacacións e permisos.

VII Travesía a nado Vila do Tea

O vigués Miguel Martínez (CN Canoe) e a xixonesa Alba Ortiz de Guinea (CN Ponteareas) proclamáronse vencedores Elite da VII Travesía a nado Vila do Tea, puntuable para o Circuito Gallego e a Copa de España de Augas Abertas 2023.

Na proba masculina, Miguel Martínez impuxo un ritmo moi intenso que só Mario Méndez (CN Rías Baixas) e o internacional portugués Hugo Ribeiro foron capaces de seguir, destacándose do resto de nadadores, e completando un podio de verdadeira categoría, no que a 2a e 3a posición decidíronse ao sprint por 1 segundo.

Na carreira feminina, Alba Ortíz foi capaz de manterse preto do terceto masculino, escapándose do resto de mulleres, e chegando con clara vantaxe sobre a gaditana



Irene Peiteado (CN San Fernando) e a Pontevedresa Ana Fernández (CN Galaico).

Na categoría Máster, os gañadores foron: Máster1, David Hortas (C Tenis Chamartín) e Alexia Arredondo; Máster2, Germán Linguas e Rebeca Santos (ambos os integrantes do CN Máster Torrijos); Máster3, Jesús Gómez e Mónica

García (CD Halegatos); Máster4, Enrique Matas (SwimTrail Maspalomas) e Maria do Mar Terceiro

A travesía comezou cun coloquio e recollida de dorsais e unha degustación de queixo Arzúa-Ulloa e rosquillas tradicionais de Ponteareas, como benvinda aos case 300 deportistas rexistrados, moitos chegados desde fóra de Galicia.

Unha P0-403 máis segura

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia rematou as obras de eliminación dun treito de concentración de accidentes na estrada P0-403 en Ponteareas, cun investimento de máis de 575.000 €.

Este proxecto enmárcase na Estratexia para a eliminación dos treitos de concentración de accidentes na rede viaria autonómica que vén desenvolvendo a Xunta nos últimos anos.

As actuacións de mellora de seguridade desenvolvéronse nun tramo de 1,6 quilómetros de lonxitude, desde o punto quilométrico 8+600, despois do enlace coa autovía das Rías Baixas, a A-52, e o final da travesía de Angoares, no punto quilométrico 10+200.

Os traballos consistiron na



reordenación das interseccións con maior accidentalidade, mediante a execución de cuñas de desaceleración ou aceleración, que faciliten os movementos de saída e incorporación á estrada para evitar a probabilidade de alcance e incrementar a visibilidade. Tamén se dispuxeron puntos específicos para realizar os xiros á esquerda e cambios de sentido con suficiente visibilidade. Ademais a intervención contemplou a incorporación dunha nova glorieta no punto quilométrico 9+900 da vía, atendendo así á solicitude dos veciños.

Paula Dacosta, terceira no campionato de España



A ponteareán Paula Dacosta alcanzou o terceiro posto no campionato de España en C-1 slalom en augas bravas celebrado na localidade murciana de Calasparra.

CONFITERIA

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Especialidade en
rosquillas e melindres

LIMPIEZAS
PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

PONTEAREAS

As obras de Aceros del Tea 'tensan a corda' da política municipal

Tras iniciar o Concello a súa licitación, a oposición acusa á alcaldesa Nava Castro de "chapuza" e "falsidades"

O pasado 9 de agosto, o Concello de Ponteareas sacou a licitación pública o proxecto urbanístico da obra de rehabilitación da nave de Aceros del Tea por un importe de 637.016,60€ (526.460€ + IVE). A iniciativa, que conta con carácter de "prioridade absoluta" para a política urbanística do novo goberno de Nava Castro (PP), busca transformar a antiga fábrica nun novo espazo contando co financiamento dos fondos EDUSI desde 2016.

Dende o goberno municipal criticaron a parálise deste proxecto debido á "inacción de gobernos anteriores" na xestión das axudas considerando que corría "serio risco de perder esta importante fonte de financiación europea". O Concello estima que o prazo para a execución dos traballos

por parte da empresa adjudicataria será de 3 meses, antes da data límite da prórroga concedida do 31 de decembro de 2023, expirando o prazo de presentación de ofertas o pasado 29 de agosto. Outro aspecto importante ten que ver coa titularidade dos terreos que a día de hoxe non corresponde ao Concello.

PSOE Ponteareas: "Nava Castro fixo unha 'chapuza'"

As reaccións por parte da oposición non tardaron en chegar. Un día despois da licitación, o PSOE de Ponteareas considerou que "estamos asistindo á primeira gran chapuza do goberno do PP xa que o proxecto aprobado non cumpre sequera os requisitos administrativos legais".

Contrario á "inacción" que a alcaldesa adjudica a gobernos anteriores, os socialistas pontearenses lembraron que aprobación

do PXOM en decembro de 2021, co voto en contra do Partido Popular, permitiu que o entón goberno municipal puidese tramitar a recuperación da Nave de Aceros como espazo cultural. Segundo fontes do PSOE Ponteareas, "este proxecto tiña un custe de 637.000 euros e contaba cos permisos necesarios de Patrimonio, puidendo sacar o proxecto a licitación en dúas ocasións. Non foi posible adjudicalo pola subida dos prezos de materiais".

Os socialistas acusaron a Nava Castro de "encargar un novo proxecto cun único fin electoralista".

BNG desminte as "falsidades" do PP

O BNG de Ponteareas tamén reaccionou a través dun comunicado enviado ao Concello o día 11 de agosto saíndo ao paso das que considerou como "falacias, falsidades e manipulacións" do Partido Popular en relación ao proxecto de rehabilitación da Nave de Aceiros. Os nacionalistas desmenten que este proxecto



conte con financiamento dende o 2016 e que estea paralizado por "inacción de gobernos anteriores".

"Os antecedentes deste proxecto inician en 2020, tras estudos técnicos e procesos de participación social. Ademais, o goberno do PP na Xunta non aprobou o Plan Urbanístico de Ponteareas até 2021, entrando en vigor a finais de decembro, e o informe de viabilidade urbanística data de 2022, polo que non sería posible licitar a obra antes destes procedementos. Esta información figura no proxecto que modificou o PP, polo tanto ou non len os documentos que elas mesmas aproban

ou manipulan a información coa intención de enganar ás veciñas e veciños", explicaron dende o BNG Ponteareas, confirmando as informacións do PSOE de que as obras foron sacadas a concurso público dúas veces, quedando desertas na primeira ocasión pola codificación das empresas presentadas e na segunda por importe, tras a suba dos materiais de construción.

En canto á titularidade da parcela, dende o BNG afirman que a empresa propietaria dos terreos xa presentara no mes de maio o proxecto de equidistribución para desenvolver a xestión urbanística da área.

VENTANA HOGAR
ALUMINIO · PVC · MADERA
☎ 986 64 41 12 - 636 28 61 08
Entrada Galerías Sta. María, 27 PONTEAREAS
ventanahogar@gmail.com

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA
Pasión por la Belleza
Síguenos
C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril
■ OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
■ TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
■ PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
■ ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO
Teléfono 630 485 211 obrasinga@hotmail.com

TALIER
SALÓN
Allonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluquerialalientmt@gmail.com

By **Barriguiñas**
Especialista en
Ceremonia infantil, arras,
comunión e bautizo
 627053847
 María Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

ALONG GROUP
- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.
Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 153 341 / 698 190 794
info@grupalong.com www.grupalong.com

CONDADO/PARADANTA

COVELO

Proxecto Green UP analizou a relación entre a vida e o medio ambiente

Ao longo dunha semana formadoras e formadores de Portugal, Letonia, Estonia, República Checa, Polonia, Grecia e Italia participantes no proxecto Green UP, stand up for our planet's rights!, desenvolto en Covelo, analizaron o impacto do actual estilo de vida no medio ambiente.

Esta iniciativa, que está organizada pola asociación Covelonatural, co apoio da ANE (Agencia Nacional Española), e cofinanciado polo programa ERASMUS+ da Comisión Europea; permitiu que preto dunha vintena de profesionais compartiran as súas experiencias e inquietudes, proxectos e preocupacións, ferramentas e métodos sobre sustentabilidade e ecoloxía durante a súa estancia en Barcia de Mera.

A modo de exemplo tomaron de referencia as cifras españolas, que revelan unha pegada ambiental de 3,8 hectáreas globais



por persoa, o que significa que "España vive como se tivera 2,8 planetas". Ademais da pegada de carbono tamén contabilizaron a pegada hídrica poñendo números aos litros de agua que consumimos para moitas das nosas accións. Xuntos analizaron tamén o impacto da industria téxtil no medio ambiente e realizaron obradoiros como o de cosmética natural.

Pero tamén tiveron oportunidade de compartir coa veciñanza local e conversar arredor das principais preocupacións medioambientais.

Xa de volta nos seus países de orixe relatarán o traballo realizado en Covelo e organizarán diferentes eventos para compartir a súa vivencia e coñecementos adquiridos ademais de difundir e afondar no ERASMUS+.

Desbroces nos pasos da Vía Mariana Luso Galaica

O Concello de Covelo continúa cos traballos de limpeza e mantemento das cinco rutas municipais de sendeirismo, dos dous tramos da Vía Mariana Luso Galaica ao seu paso polo concello como Lourido e As Pereiras e daqueles puntos de especial interese turístico e patrimonial.

Tamén realizou as limpeza de maleza na ponte romana de Fofe e na capela e fonte de San Xoán Mosteiro, nas ruínas da antiga igrexa románica e convento de Casteláns, no lavadoiro de A Hermida, nos muíños de Portafurado e Fonte



de A Pereiriña en Barcia de Mera, carballeira e casa do pobo de A Guía de Piñeiro, Serradoiro dos Carranos ou pasos de Transfontán en Maceira, entre outros puntos. Tamén se manteñen limpas as rutas de

sendeirismo, AQUA, Carranos, Poza Piñeiro, Foxo do Lobo e San Xoán Mosteiro, ademais dos dous tramos da Vía Mariana Luso Galaica ao seu paso por Covelo, A Franqueira-Covelo e Covelo-Estacas.

Obras de pavimentación en Barcia de Mera e Paraños



O Concello de Covelo vén de adxudicar as obras de pavimentación e limpeza de camiños municipais nas parroquias de Barcia de Mera e Paraños cun custo de 93.990€, no marco do Plan de Melloras de Camiños Municipais da Axen-

cia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) As obras alcanzan a pista das Veigas e Camiño das Rochas no lugar de Mera, que da servizo tamén ao albergue Alentea, e no camiño As Searas de Cotarel a Medelas, na parroquia de Paraños.

A Orquestra Sinfónica de Galicia en Barcia de Mera

O Ciclo de Música Religiosa de Barcia de Mera levou este 26 de agosto á igrexa de San Martiño de Barcia de Mera coa actuación da Orquestra Sinfónica de Galicia, premiada coa Medalla de Ouro

da Real Academia Galega de Belas Artes e é Premio Cultura Galega da Música 2010.

Baixo a dirección de José Trigueros a OSG interpretou obras de Leó Weiner e Johannes Brahms.

Apoio para a conciliación familiar

O Concello de Covelo ofrecerá o servizo de conciliación dirixido ás familias con nenos de 3 a 12 anos para cubrir a súa atención matinal na semana do 1 ao 8 de setembro.

A actividade está financiada pola Deputación de Pontevedra

e por fondos procedentes do Plan Corresponsables da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, do Ministerio de Igualdade e da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero.



MONDARIZ/BALNEARIO

The European Thermal Heritage Day en Balneario

Mondariz Balneario acollerá do 11 ao 15 de outubro o The European Thermal Heritage Day, un evento que contará coa presenza de representantes de Bath en Inglaterra, Budapest, Vichy en Francia e Caldas da Raiña en Portugal, así como as demais termas incluídas na Asociación Europea de Cidades Históricas Termais, EHTTA.

Limpeza das fachadas de la Fuente de Gándara, Edificios Antonio Palacios e Varanda e Gándara, así como unha nova revisión da posta a punto do mantemento destes edificios históricos asinados polos arquitectos Antonio Palacios e Genaro de la Fuente son algúns dos traballos que realizou estes



días o equipo técnico do balneario.

Un programa de conferencias do máis alto nivel, visitas e actividades paralelas para reflexionar sobre as paisaxes terapéuticas

nas cidades termais, coincidindo co 150 aniversario da fundación do Balneario de Mondariz e a Declaración de Utilidade Pública das Augas Minerais.

Difusión do potencial enogastronómico comarcal

O Concello de Mondariz, representado polo seu alcalde Xoán Carlos Montes, Calis, así como por outros concelleiros pertencentes á Corporación Municipal, participou este verán en diversas xornadas enogastronómicas organizadas na Comarca do Condado Paradanta, destacando entre elas a Festa do Xamón da Cañiza e a Festa do Viño do Condado do Tea en Salvaterra.

A participación institucional do Concello de Mondariz nestes eventos foi unha oportunidade orientada a fomentar o potencial gastronómico e vitivinícola da comarca así como o seu patrimonio histórico e natural. Así,



dende o goberno municipal impulsarán unha serie de iniciativas para dar a coñecer entre a cida-

danía as riquezas comarcais existentes a través destas festas e eventos.

Éxito no Campionato Galego de Pumptrack



Este 26 de agosto disputouse en Mondariz o Campionato Galego de Pumptrack organizado polo Club Pontebike Team e Sportskids.

O rider Sergio Veiga, na categoría Sub23 conseguía facer o circuito en nada menos que 15'34seg, deixando a toda os espectadores coa boca aberta. O mellor tempo marcáronos

1º Sergio Veiga, 2º Xoel Pereira e 3º Ivan Garcia e en Feminino 1º Alba Fernandez, 2º Ainoa Pousada e 3º Gemma Chapela.

Ao finalizar entregáronse as Camisetas de Campioas/é galegos de pumptrack a todas as categorías participantes, así como agasallos para todos os que subiron ao alto do podium.

Posta a punto do abastecemento de auga



O alcalde de Mondariz Balneario, César Gil e o concelleiro de Medio Ambiente, Mauro Chivite, visitaron todas as instalacións mu-

nicipais de Saneamento e de Abastecemento de Auga coa finalidade de verificar o correcto funcionamento e mantemento das redes acuíferas.

Pauta MOTOR
servicio integral para automovilismo
Cl. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO
POLLOS POR ENCARGO
DROGUERIA
FERRETERIA
JARDINERIA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO
VENTA DE PLANTAS
DISTRIBUIDOR OFICIAL: **Alona**
COMERCUCES Nº6 - MONDARIZ - T: 936 656 218 - 649 449 459

Carlos PELUQUERO
Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

CONDADO/PARADANTA

Nova Exposición de Diego de Giráldez na Alcaldía do Concello da Cañiza

O Alcalde Luis Piña e o recoñecido artista cañicense, inauguraron esta nova exposición composta por 4 extraordinarias obras da colección particular de Diego de Giráldez. Unha mostra que permanecerá no despacho do Alcalde durante un ano, podendo ser prorrogable ata o ano 2027.

A iniciativa de Diego de Giráldez de colaborar coa Alcaldía da Cañiza e expor algunha das súas creacións nesta Sala Institucional, nace no ano 2020, con motivo da conmemoración dos 200 anos de Constitución do Concello. Nesa data, Diego de Giráldez aceptou a invitación do Alcalde de "deixar unha pegada do seu ARTE na



Casa Consistorial, como mostra dos lazos de amizade que lle unen ao Concello da Cañiza, do cal é Fillo Predilecto".

O pintor, escultor, anatomista e creador do Realismo NAS, re-

novou agora a colección que acolle a sala con "Albergan el Recuerdo" (1985), "Dalí y Gala en mis sueños" (2015), "La Vida" (1998) e "Retrato - de Diego de Giráldez" (2006).

Operación "Centinela Galego 2023" para a defensa forestal

O Xefe de Zona, Capitán Braulio Noel Fernández, o Oficial de Enlace Teniente Julio César Mata Reyes e o soldado José Esteve Campello, da Brigada "Galicia VII" de Pontevedra, informaron ao Alcalde Luís Piña sobre esta Operación, que agora cumpre 17 anos e que permanecerá activa ata o 30 de setembro, co despregamento inicial de 30 patrullas terrestres nas zonas da Galicia con maior actividade incendiaria.

Unha delas nas comarcas do Condado - Paradanta, cunha das sedes na Cañiza que integra todos os Concellos do Distrito XVII e o Concello de Melón, pertencente ao Distrito XI Ribeiro - Arenteiro. Ademais das labores de vixilancia



continua, os efectivos militares despregados están realizando unha importante acción de disuasión, visibilidade e identificación dos

potenciais incendiarios. Tamén informarán á nosa poboación do perigo que supón a queima non controlada de rastroxos.

A licitación as instalacións xeotérmicas

A Deputación de Pontevedra acaba de sacar a licitación o contrato para a prestación da asistencia técnica en edificios municipais da Cañiza e A Illa de Arousa.

Este proxecto de instalacións xeotérmicas sostibles enmárcase no programa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), dentro do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Go-

verno de España. A actuación será financiada ao 85 % polo IDAE, ao 8% pola Deputación de Pontevedra e ao 7 % polos concellos.

O obxectivo desta actuación é realizar a instalación dos sistemas de xeración térmica renovable mediante xeotermia na Casa do Concello da Cañiza para reducir o consumo de enerxía de orixe fósil e as emisións de dióxido de carbono utilizando enerxía procedente de fontes renovables, concretamente da enerxía xeotérmica. Para este fin, a institución provincial destina preto de 13.000 €.

Ampliada a rede de abastecemento de auga en Covelo

E executadas con fondos propios, o Concello de Covelo vén de ampliar a rede de abastecemento de auga potable dos barrios de As Pereiras e Vilanova, nas parroquias de Casteláns e de Barcia de Mera respectivamente.

Unha nova instalación que permitirá ofrecer servizo a dez fogares máis e dotar de abastecemento de auga principalmente

ao lugar de Vilanova que experimentou un incremento de poboación pola incorporación de novos/as residentes e que non dispoñía de abastecemento de auga municipal. O alcalde, Pablo Castillo, explica que cada ano se fai un importante esforzo en mellorar as traídas de auga, realizar controis e mantemento das xa renovadas e dar apoio ás traídas veciñais.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com



**GASOLEOS
TEA**

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA 986 61 43 61





mifollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

mifollas@mundo-r.com

O PORRIÑO

A UNED estrea os graos de Socioloxía e Traballo Social

A aula UNED no Porriño estrea oferta formativa co comezo de curso 2023/2024 con dous graos, o de Socioloxía e o de Traballo Social no Multicentro de Torneiros.

O prazo de admisión e de matrícula para estes dous estudos de grao permanecerá aberto ata o 23 de outubro. En setembro celebrárase unha xornada de portas abertas de divulgación e participación nas actividades da UNED en Porriño, dando oportunidade tamén de sumar ideas e propor suxestións de cara a unha futura oferta formativa da UNED na que se inclúe dende o acceso á universidade a graos, graos combinados, microtítulos, mestrados e doutoramentos, idiomas, UNED senior, formación permanente e extensión universitaria.

Ao mesmo tempo, o alcalde



do Porriño, Alejandro Lorenzo convidou "as máis de 2.000 empresas que temos no Porriño a participar da traxectoria da UNED de cara a cualificar aos profesionais nas áreas que se precisen".

De xeito paralelo a estes dous graos e ás titulacións que nun futuro se irán incorporando, continuarán desenvolvéndose diversas

actividades de extensión universitaria, que son todos aqueles cursos, xornadas, seminarios, congresos... impartidos baixo a metodoloxía da UNED e encamiñadas á expedición dun diploma ou certificado. Neste curso 2023/2024 impartirase Reforzo exame ESO adultos, Lingua de signos española e Inglés.

O CEIP Xosé Fernández López estrea curso con comedor

O CEIP Xosé Fernández López ofrecerá neste curso 2023-24 o servizo de comedor escolar grazas a un investimento total de máis de 100.000 euros. O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, fixo unha visita para facer seguimento das obras, unha das principais demandas deste colexio, o único público do casco urbano e que conta con preto de 400 escolares repartidos nos tres cursos de educación infantil e os seis de primaria.

Os traballos consistiron na demolición de todos os tabiques que dividían as diferentes salas habilitando dous grandes espazos,



un deles o comedor, con capacidade para 96 comensais que servirán menús en dúas quendas chegando a un total de 175 cubrindo así toda a demanda, e outro destinado a biblioteca. Co-

locouse novo falso teito, novo pavimento e nova carpintería interior e modificáronse as instalacións de electricidade e datos. Tamén se contou coa colaboración da ANPA A Oliveira.

Saneamento na parroquia de Budiño



O Concello do Porriño avanza nos traballos de extensión da rede de saneamento na parroquia de Budiño rematando a obra que dará servizo a 29 vivendas e ao colexio do Picouzo, que contempla a conexión coa rede xeral de abastecemento e saneamento coa instalación de catro grandes

colectores 542, 404, 370 e 1.010 metros máis colectores de sección de tramos que suman preto de 2 quilómetros máis de tuberías.

A piques de rematar tamén están os traballos do barrio do Mosteiro, que dará servizo a catro vivendas e, nunha segunda fase, extenderase ata conectar co barrio da Trapa.

100 novas prazas no novo aparcadoiro

O Porriño suma preto dun cento de novas prazas de estacionamento gratuito no casco urbano. Trátase de dúas parcelas que suman unha superficie aproximada duns 2.000 metros cadrados situadas en paralelo á vía do tren, próxi-

mas ao paso a nivel, con acceso dende as rúas Avelino Villasuso e Foz e a dous minutos da Praza de Abastos. Debe lembrarse que están tamén en activo as obras de humanización e mellora das rúas Bos Aires e Progreso.

Volve o mercado ambulante

Logo do parón no mes de agosto debido ás altas temperaturas e á baixa participación, as feiras e o mercado ambulante do primeiro domingo de cada mes volven ao Porriño. Os postos instalaranse, como de costume, na rúa Leandro Diz en horario de tarde, dende ás 16.00 ata as 21.00 horas. Xa no mes de outubro, e ata maio, rematará unha hora antes,



ás 20.00. Esta cita mensual súmase á semanal de tódolos martes.

PROMOCIONES DE REAPERTURA!

AXA PORRIÑO - Rúa O Pinar, 13, Bajo, Porriño

986 331 410

633 601 257

segurosbugarin@gmail.com

Tu aseguradora de confianza en Porriño

DESAYUNOS TAPAS VARIADAS PLATOS PASTAS
CARNES PESCADOS BOCADILLOS HAMBURGUESAS
MENU DEL DIA Y A LA CARTA OPCIONES VEGANAS Y SIN GLUTEN

GaliBar
COFFEE & RESTAURANT
DRINK & FOOD

@ GALIBAR, CENTRO
Manuel Rodríguez, 13
986 138 441
O PORRIÑO

LOURIÑA

O PORRIÑO/MOS

15 polos de emprendemento antes de finalizar 2023

O Concello do Porriño albergará un dos 15 polos de emprendemento e apoio ao emprego postos en marcha pola Xunta de Galicia antes de que remate 2023. Actualmente están operativos oito e o da capital da Louriña sería o segundo na provincia, que abriría as súas portas a partir de outubro, durante o último trimestre do ano.

Así o aseguraba o secretario xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, Pablo Fernández, nunha visita á vila na que estivo acompañado polo alcalde, Alejandro Lorenzo.

A Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego está dinamizando o territorio a través da creación de emprego de calidade e do asentamento da poboación. Así, presta asesoramento individualizado ás persoas emprendedoras de Galicia en calquera fase que se atope o seu proxecto



empresarial, de principio a fin. Nese senso, dos case 500 proxectos asesorados ata o de agora, máis de 400 atópanse activos.

O do Porriño será o Polo de emprendemento Pontevedra Leste e Sur, sumándose así ao de Silleda, Pontevedra Norte e Rías Baixas, cuxa área xeográfica de actuación son as comarcas do Deza, Caldas e O Salnés. Nestes centros ofrécense, entre outros, servizos de

información sobre oportunidades de emprendemento, asesoramento personalizado, espazos de traballo temporal e networking, captación de investimento e financiamento e orientación, asesoramento e recursos físicos. As persoas usuarias, ademais, poderán acceder a convocatorias anuais de axudas para a consolidación do seu investimento e a xeración de postos de traballo.

Vodas de Ouro para 47 matrimonios mosenses



A tradicional Festa dos Maiores do Concello de Mos celebrou este 27 de agosto a súa 33ª edición homenaxeando a 47 matrimonios das dez parroquias mosenses que neste 2023 celebran as súas Vodas de Ouro.

Contouse cunha afluencia de 800 persoas que se congregaron en Costoias, parroquia de Ta-

meiga, xunto á rexedora local mosense, Nidia Arévalo, e a concelleira de Participación Cidadá, Julia Loureiro, definen como “a máis entrañable de todas as que temos en Mos”. Os actos tiveron Misa cantada polo Grupo de Canto Popular Nosa Terra de Pereiras, as actuacións dos grupos Charanga Sacacorchos e ‘3.com’ e o tradicional xantar.

Un millón€ para humanizar o Campo da Feira

A humanización do antigo campo da feira do Porriño coñecido agora como Parque Infantil, nome dunha das rúas que o bordea, será unha realidade a comezos de 2024. Converterase nunha gran zona verde con arboredo, un espazo a modo de escenario e gradas e unha área de xogo infantil na que se inclúan chorros de auga, os primeiros no municipio.

O proxecto acométese logo da sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello do Porriño e a Axencia de Turismo de Galicia e que supón unha in-

versión total de 498.213,12 euros, aos cales hai que sumar uns 250.000 euros para acondicionar tódalas rúas da contorna.

De xeito paralelo executaranse as obras de restauración integral do Templo de San Luís. Uns traballos cun orzamento a maiores doutros 250.000 euros financiados integramente pola Xunta de Galicia. O obxectivo é poñer en valor un dos emblemas patrimoniais do Porriño autoría do tamén porriñés arquitecto Antonio Palacios e tamén crear un espazo atractivo e útil para os máis pequenos da casa.



MOS

Posta a punto en Mos para o curso escolar 2023-24

O tenente de alcaldesa de Mos, Camilo Grandal, e a concelleira de Política Social, Sara Cebreiro, visitaron as Escolas Infantís A Galiña Azul de Mos, Veigadaña, Cotorrón e Porteliña, para supervisar os traballos de posta a punto de cara ao inicio do curso o mes que vén.

As 3 Escolas están a ser obxecto de melloras de cara ao novo curso 2023-2024 polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e polo propio Concello. Nas tres escolas realizouse unha importante inversión, contando cunha subvención total de 30.178,13 euros do Consorcio Ga-



lego de Servizos de Igualdade e Benestar. Actualmente hai 70 nenos/as matriculados na Escola Infantil da Veigadaña, 41 nenos/as

matriculados en Cotorrón e 41 en Porteliña. En total comezarán o curso o vindeiro setembro 152 cativos/as.

O R.C.D. Celta de Vigo celebrou o seu Centenario

Baixo o seu clásico lema "Afouteza e Corazón", o R.C.D. Celta de Vigo celebrou este 23 de agosto o seu Centenario cunha serie de actos conmemorativos na Cidade Deportiva Afouteza en Mos que remataron o mércores 30 de agosto cun encontro entre as Lendas Celestes e un combinado de All Stars internacional no Estadio Abanca Balídos.

Foi un 23 de agosto de 1923 na Biblioteca Juan Comaniel da cidade olívica cando dous clubs, o Vigo Sporting e o Real Club Fortuna, e as súas afeccións, amosaron a vontade de unirse para crear o que dende entón é o R.C.D. Celta de Vigo.

O presidente do clube vigués Carlos Mouriño estivo acompañado polo equipo ao completo, liderado polo seu actual entrenador Rafael



Benítez, así como por diversas autoridades presentes entre as que destacaron o presidente da Real Federación Galega de Fútbol, Rafael Louzán, a vicepresidenta primeira e responsable da área de Deportes da Deputación de Pontevedra, Marta Fernández-Ta-

pías, a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o presidente do Comité Olímpico Español, Alejandro Blanco, entre outros.

Durante a celebración fíxose un repaso aos cen anos de historia do club e presentouse o futuro complexo Galicia Sports 360.

"Enredando Tour" pola integración dixital dos maiores



Mos recibiu o pasado 31 de agosto o programa "Enredando Tour" impulsado pola Organización Humanitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e Cruz Vermella co obxectivo de reducir a fenda dixital entre a poboación, especialmente os maiores de 55 anos.

A iniciativa está a percorrer un total de 20 localidades galegas entre os meses de xullo e setembro de 2023. Mediante unha furgoneta ofrécense condidos formativos vinculados ás novas tecnoloxías, smartphones, portátiles, tabletas, altosfalantes intelixentes... e todo tipo de

accesorios para facilitar o acceso á tecnoloxía máis doméstica e presente en multitude de áreas da nosa vida cotiá.

O programa está dividido en 4 módulos: "Vivo non mundo analóxico, rapaza", menú básico para comezar a "enredar" na internet; "E ti... de quen vés sendo?", para saber que é e como funciona a mensaxería instantánea; "Dixitalízate, ho", para aprender como se pode acceder ao Sergas, facer a compra por Internet e, en xeral, como xestionar o máis cotián; "Menú: divértete e aprende", para coñecer utilidades e aplicacións prácticas na internet.

Tómbola Solidaria contra o Cancro

A AECC (Asociación Española Contra o Cancro) de Mos, organizará a súa tradicional Tómbola Solidaria nos exteriores do Pazo de Mos, o vindeiro 16 de setembro ao longo de todo o día.

A actividade contará ademais con diferentes actuacións de

artistas locais, que de xeito desinteresado colaboran con esta causa, destacando a charanga Sacacorchos, o Mago Marco, Generación M, Voces de Arrieiro, DesfilaMos organizado pola Asociación de Palilleiras de Mos e atraccións para o/as neno/as.

Dover

Confección de señora y caballero
Textil - hogar
Vestuario y calzado laboral
Chandal y mandilones para colegios
Almohadas y colchones

Tel: 986 33 47 82. Rúa Mercado, 3 - O PORRIÑO

PN Verónica Bastos
POWER NUTRITION

Rúa Doutor Paz Varela, bajo. Teléfono 667 34 52 99. 34400 - O PORRIÑO

Power_nutrition_asesoramientos



LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

Goberno local queda sen Xefa de Gabinete

Alcaldesa de Salceda de Caselas, Dolores Castiñeira, procedeu a asinar o cese da súa Xefa de Gabinete, Tere Pérez, a única persoa que exercía traballos encomendados a persoal de confianza, ao non ratificar o pleno municipal o decreto de nomeamento. O cese é efectivo dende o día 21 de agosto.

Os votos en contra do PP e do Grupo Mixto-BNG e a abstención do PSOE foron así determinantes. Deste xeito, a oposición salcedense volveu a bloquear os salarios da alcaldesa Castiñeira e do seu equipo. O goberno local indicou que a corporación decidiu non aprobar o nomeamento "nas mesmas condicións que figuraban no orzamento do Concello nin con outras características diferentes, como fora a pretensión inicial de Movemento Salceda o que, na práctica, significa o rexeite a nomeamento deste persoal eventual e que se produce por vez primeira desde o ano 2006". Los votos en contra del PP y del Grupo Mixto-BNG y la abstención del PSOE fueron determinantes.

A pesares de que un dos grupos



políticos (PSdeG-PSOE) mostrouse a favor de que o persoal eventual puidera existir sempre en cando non se actualizase o seu salario (igual que en 2019), finalmente na sesión plenaria decidiu abstense, argumentando agora que o que se trataba era o conxunto, entendendo que non se podía aprobar o persoal eventual se non eran aprobadas as retribucións do resto dos concelleiros e concelleiras do goberno e da corporación. En consecuencia, o decreto asinado no seu día para cubrir o posto vacante por cambio de alcaldesa quedou sen efecto.

Tere Pérez, a persoa que viña desempeñando o cargo de Xefa

de Gabinete, prestou os seus servizos tamén durante o goberno de coalición da pasada lexislatura, traballando por igual para os dous partidos nas mesmas condicións que agora o PsdeG-PSOE decide non apoiar.

Esta é a segunda vez que o equipo de goberno leva o posto do persoal de confianza ao pleno. A primeira propondo unha actualización salarial en base ao IPC con respecto a proposta actual, e a segunda, este 21 de agosto, atendendo a petición do PSdeG-PSOE de deixar a cantidade como estaba establecida en 2019, o que, lamentablemente, non serviu para a ratificación.

Reformas e desbroces para dar inicio ao novo ano escolar

O Concello de Salceda de Caselas deu comezo ás tarefas de desbroce dos parques e o mantemento dos aparcadoiros disuasorios do centro da vila, coa finalidade de ter todo listo para o comezo do novo ano escolar 2023-24 a fin de acondicionar as aulas das parroquias e as paradas de autobús.

Tamén completouse a montaxe de andamios na aula de Picoña, para proceder ao cambio de tellado antes do inicio de curso e que os nenos e nenas poidan gozar do seu cole nas mellores condicións.

Pola súa banda, a Concelleira de Ensino, Selene González, mantivo unha xuntanza cos directores do CRA Raíña Aragonta e do CEP Altamira de xeito conxunto de cara ao vindeiro curso, pois os dous centros comparten servizos como o de conserxería polo que é fundamental a coordinación.

Igualmente foi patente a boa disposición do alumnado e profesorado do obradoiro de emprego



que se está a encargar da rehabilitación da vivenda do mestre de San Xurxo, e que tiveron a ben modificar as suas vacacións esta-

blecendo quendas para que a obra non se vise interrompida e poder chegar a tempo ao inicio do curso.

PSOE e BNG toman posición conxunta ante MS



Mediante comunicado conxunto, o PSdeG-PSOE e o BNG de Salceda Diante criticaron as últimas novas enviadas por Movemento Salceda en relación ao pleno de organización, considerando "a súa falta de contacto para contrastar as diferentes posicións políticas" en temas importantes como a investidura dun novo

goberno municipal ou as retribucións salariais. Tamén criticaron que "se recolla soamente a posición do Partido Popular, precisamente o único grupo que se ausentou totalmente dos debates ao redor das retribucións do goberno local e doutros debates de organización nos dous plenos celebrados até agora".

Traslado ao CS da Devesa



Alcaldesa Loli Castiñeira e a Concelleira de Benestar Selene González mantiveron unha xuntanza coa Asociación de Persoas Xubiladas de Salceda para o traslado para o novo CS da Devesa que comezará estes días. Unha obra cun orzamento de 674.000€ financiada pola Deputación de Pontevedra a través do Plan Reacon e do

Plan Concellos.

Por outra banda, tamén realizouse unha xuntanza coa Asociación Veciñal Carballeira da Picoña e o equipo técnico para coñecer a situación dos traballos que se realizarán proximamente para reparar os danos producidos polas intensas choivas dos meses de decembro e xaneiro nos muros do barrio de Loureiro.

"Memorial "Matías Candeira"



O Caselas FC foi o campión do torneo Cuadrangular "Matías Caldeira" celebrado no Campo de Fútbol Municipal de Dextros en Salvaterra.

SALCEDA DE CASELAS

II edición do programa "Xuntas"

A alcaldesa de Salceda de Caselas, Loli Castiñeira, de Salvaterra, Marta Valcárcel, e o alcalde das Neves, José Manuel Alfonso, acompañados das respectivas Concelleiras de Igualdade, mantiveron unha reunión de coordinación no arranque da segunda edición do Programa Xuntas, dirixido ás mulleres de Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e As Neves en materia de formación, información, prevención e orientación e asesoramento xurídico, laboral e psico-

lógico individualizado.

O Programa Xuntas, que obtivo a mellor puntuación de todos os proxectos presentados na provincia de Pontevedra e a segunda mellor de Galicia, xestiónase mediante o sistema de xestión compartida e está cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 e a Xunta de Galicia.

Así, actívase un ano mais o Servizo Integral e Especializado de Asesoramento Xurídico, Psicológico e Laboral. Gratuito, pre-

sencial e á demanda, aínda que se establecerán unhas horas fixas todos os mércores pola mañá, o Servizo tamén elaborará os itinerarios personalizados de inserción. Ademais, haberá un Punto de Información de Hábitos Saudables para as Mulleres e asesoramento para unha Despesa Saudable.

Haberá unha fase de intervención en saúde e benestar na que se impartirán obradoiros nos 3 concellos para mellorar a saúde e o benestar de todas as mulleres e promover a igualdade de xénero.



Noutra fase, desenvolverase a Escola de Empoderamento. Finalmente, o Programa Xuntas complétase con formacións para o traballo.

O Programa, que conta cunha contía de 17.941,88 euros, prevé unha participación mínima de 75 mulleres.

Xuntas
IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

"POR QUE FOMOS SOMOS, POR QUE SOMOS, SERÁN" 16 de agosto ás 10:00, Concello de Salceda de Caselas (Sala de Xuntas 2.º andar). 17 de agosto ás 10:00, Biblioteca de Salvaterra de Miño (Praza do Castelo N.º 2). 23 de agosto ás 10:00, Concello de As Neves, Oficinas Municipais (R/Esperanza, 2).	"AS ARTES NO CAMIÑO DO EMPODERAMENTO DAS MULLERES" 7 de setembro ás 19:30, Concello de Salceda de Caselas (Sala de Xuntas 2.º andar). 21 de agosto ás 10:00, Biblioteca de Salvaterra de Miño (Praza do Castelo N.º 2).	"EXERCICIO TERAPÉUTICO E SAÚDE" 22 de agosto ás 10:00, Concello de Salceda de Caselas (Sala de Xuntas 2.º andar). 24 de agosto ás 10:00, Termas de Salvaterra de Miño. 12 de setembro ás 10:00, Concello de As Neves, Oficinas Municipais (R/Esperanza, 2).	"O EQUILIBRIO A TRAVÉS DA ALIMENTACIÓN" 25 de agosto ás 10:00, Concello de Salceda de Caselas (Sala de Xuntas 2.º andar). 28 de agosto ás 10:00, Concello de As Neves, Oficinas Municipais (R/Esperanza, 2). 1 de setembro ás 10:00, Biblioteca de Salvaterra de Miño (Praza do Castelo N.º 2).
"CONVERSATORIO SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO: CLAVES PARA A ANÁLISE CONSTRUINDO RESPONSTAS COLECTIVAS" 29 de agosto ás 10:00, Biblioteca de Salvaterra de Miño (Praza do Castelo N.º 2). 30 de agosto ás 10:00, Concello de Salceda de Caselas (Sala de Xuntas 2.º andar). 1 de setembro ás 10:00, Concello de As Neves, Oficinas Municipais (R/Esperanza, 2).	"TALLER DE SAÚDE MENTAL DENTRO DA PERSPECTIVA DE XÉNERO" 31 de agosto ás 10:00, Concello de As Neves, Oficinas Municipais (R/Esperanza, 2). 4 de setembro ás 10:00, Biblioteca de Salvaterra de Miño (Praza do Castelo N.º 2). 11 de setembro ás 10:00, Concello de Salceda de Caselas (Sala de Xuntas 2.º andar).	"MULLERES RURAIS: CORAZÓN DO SISTEMA: MÁIS DEREITOS, MÁIS PARTICIPACIÓN, MÁIS RECURSOS PARA TODAS" 5 de setembro ás 10:00, Concello de As Neves, Oficinas Municipais (R/Esperanza, 2). 13 de setembro ás 10:00, Biblioteca de Salvaterra de Miño (Praza do Castelo N.º 2). 14 de setembro ás 10:00, Concello de Salceda de Caselas (Sala de Xuntas 2.º andar).	"A SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA DAS MULLERES" 6 de setembro ás 17:00, Concello de Salceda de Caselas (Sala de Xuntas 2.º andar). 7 de setembro ás 10:00, Biblioteca de Salvaterra de Miño (Praza do Castelo N.º 2). 8 de setembro ás 10:00, Concello de As Neves, Oficinas Municipais (R/Esperanza, 2).
"AUTOESTIMA E BENESTAR DAS MULLERES" 15 de setembro ás 10:00, Concello de Salceda de Caselas (Sala de Xuntas 2.º andar).	"CONVIVENCIA E APRENDIZAXE TRANSXENERACIONAL DAS MULLERES" 18 de setembro ás 10:00, Concello de As Neves, Oficinas Municipais (R/Esperanza, 2). 19 de setembro ás 10:00, Biblioteca de Salvaterra de Miño (Praza do Castelo N.º 2). 20 de setembro ás 10:00, Concello de Salceda de Caselas (Sala de Xuntas 2.º andar).	"EXPLORANDO NOVOS REXAMENTOS DE EMPREGO" 21 de setembro ás 10:00, Concello de As Neves, Oficinas Municipais (R/Esperanza, 2).	"OBRADOIRO DE CAPACITACIÓN PARA O ACCESO AO EMPREGO, PROCESOS DE SELECCIÓN, HABILIDADES DE COMUNICACIÓN E CONSTRUCCIÓN DEFINITIVA DO PERFIL E O CV." 22 de setembro ás 10:00, Casa do Conde de Salvaterra de Miño (Praza do Castelo).
"OBRADOIRO DE AUTOEMPREGO E EMPRENDIMENTO DAS MULLERES." 25 de setembro ás 10:00, Concello de Salceda de Caselas (Sala de Xuntas 2.º andar). 28 de setembro ás 10:00, Concello de Salceda de Caselas (Sala de Xuntas 2.º andar).	PROGRAMACIÓN 2023		
			"O EMPODERAMENTO DIXITAL DENTRO DUNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO" 26 de setembro ás 10:00, Biblioteca de Salvaterra de Miño (Praza do Castelo N.º 2). 27 de setembro ás 10:00, Concello de As Neves, Oficinas Municipais (R/Esperanza, 2).

FIORITO'S
Repostería Creativa

Mónica Fiorito - 699 67 41 03. Avda de Galicia, 19, baixo
hola@fiorito.es - www.fiorito.es - SALCEDA de CASELAS

La Campechana
CARNICERÍA

Servizo doméstico Pedidos WhatsApp
986 347 168 627 310 629
Avda. Galicia N.º 17 - 36.470 Salceda de Caselas

Pefuquería mixta
Cente Nova

Rafael Tilve Adrio, 7
Salceda de Caselas
Tlf.: 986 349 290

Alumnos de "Erasmus+ 2022" irán a prácticas na UE

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, acompañado do vicepresidente provincial Rafa Domínguez, asistiu á reunión preparatoria da próxima mobilidade do programa "Erasmus+ 2022" na que 45 alumnos de 16 centros de ensino comezarán prácticas en empresas e entidades de países da Unión Europea (Finlandia, Irlanda, Italia, Malta e Portugal) a partir do 2 de outubro.

Coa súa adhesión ao programa europeo dotado de 800.000 euros, a institución provincial ofrece ao alumnado de Formación Profesional da provincia bolsas para completar a súa formación e acompañamento e apoio durante toda



a súa estancia no estranxeiro. As 45 persoas, maioritariamente de entre 18 e 25 anos, proceden de 16 centros de ensino situados en

12 concellos: A Estrada, A Illa de Arousa, Marín, As Neves, Poio, Pontevedra, O Porriño, Tomiño, Tui, Vigo e Vila de Cruces.

Visita da Associazione de peregrinos Mulino Sambuy de Turín



Un grupo da Associazione Mulino Sambuy de Turín, Italia, visitou O Porriño tras iniciar en Tui o Camiño Portugués a Santiago. Foron recibidos polo alcalde Alejandro Lorenzo e concelleiros do equipo de goberno.

A actividade enmárcase na iniciativa CamminAutismo e no percorrido van acompañados por axentes da Garda Civil que lles presta apoio para desenvolvemento da mesma ao abeiro do proxecto Camiñando xuntos polo autismo no Camiño de Santiago.

90.000€ para axudas ás Escolas de Música provinciais

Trala publicación das bases no Boleín Oficial da Provincia, as asociacións e entidades que xestionan escolas de música na provincia xa poden solicitar desde as achegas coas que a Deputación de Pontevedra apoia a difusión da cultura e o fomento da música desde estes centros.

A institución provincial destina un orzamento total de 90.000 euros a estas axudas, que se conceden por concorrencia competitiva, tendo en conta cuestións

como o número de alumnos, o número de docentes, o orzamento de gastos da escola e as especialidades impartidas. O prazo para as solicitudes abriuse o 22 de agosto e pecha o próximo 29 de setembro. Con elas, os colectivos poderán financiar gastos de persoal, material de oficina, subministracións, a reparación e conservación dos seus locais, a reparación de instrumentos, as primas de seguros, servizos de asesoría ou xestoría, así como gastos de prevención de riscos ou recoñecemento médico.

20.000 racións na XXIX Festa dos Callos de Salceda

A Praza do Concello de Salceda de Caselas acolle do 1 ao 3 de setembro a XXIX Festa dos Callos de Salceda de Caselas que conta coa colaboración do Concello, do Grupo Coren e do Grupo Señorío de Rubiós.

Nas festas prepáranse ó redor de 20.000 racións de callos, con 1.900 kg de ventre de vacuno, 920 kg de carne de pata de tenreira, 2.200 kg de garbanzo remollado, 425 kg de lacón e 350 kg de chourizo galego, co seu sofrito corres-



pondente, e máis de 5.000 quilos de produto.

PFC Condado

+55
Pompas Fúnebres
del Condado

Gracias

TANATORIO
ARBO

TANATORIO
PONTEAREAS

TANATORIO
TUI

TANATORIO
TOMIÑO